

Nº EXPEDIENTE: 2022/SUBDIREC/000010

ANEXO AO DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBAN A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN E O CONVENIO REGULADOR DA AXUDA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ENTIDADE FEDERACIÓN GALICIA PIRAGÜISMO PARA APOIAR A ORGANIZACIÓN DOS EVENTOS “COPA ESPAÑA SPRINT 1000M SENIOR E XUNIOR”, “COPA ESPAÑA XOVES PROMESAS”, “COPA ESPAÑA DRAGÓN”, “CAMPIONATO ESPAÑA SPRINT E MARATÓN CURTO VETERÁNS”, “CAMPIONATO ESPAÑA XOVES PROMESAS” E “TORNEOS NACIONAIS KAIK-POLO”

No Concello de Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

REUNIDOS:

Dunha parte, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación do Réxime e Administración Local.

Doutra parte, don José Alfredo Bea García, co CIF 35456180R, actuando en nome e representación da entidade Federación galega de piragüismo, con CIF G36040764, segundo resulta acreditado na documentación de representación incorporada ao expediente, asegurando a vixencia do seu cargo e das súas facultades para este acto.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto

EXPOÑEN:

I. Como desenvolvemento do plano estratéxico de subvencións do ano 2021 e atendendo ao disposto polos artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo. Débese ter en conta tamén o disposto no artigo 43 da Constitución de 1978, cando estipula que: “Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Asemade, facilitarán a axeitada utilización do ocio”.

II. Que entre os principais fins da entidade Federación galega de piragüismo figuran os concorrentes coas competencias municipais expresadas.

III. O Concello de Pontevedra fai un esforzo moi importante, dende os últimos anos, para a celebración no noso municipio de eventos deportivos de primeira orde no Estado español e a nivel internacional, coa finalidade de fomentar a participación deportiva entre a poboación e promover a súa imaxe.

Os eventos deportivos para os que se outorga a subvención son probas de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, polo nivel deportivo das probas, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración destes eventos na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión das probas e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que a actividade teña un importante retorno económico para a veciñanza, poñendo en valor a imaxe de Pontevedra como escenario dunha





proba deportiva de alto nivel.

A relevancia das probas deportivas sinaladas, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, da difusión da imaxe da cidade e o beneficio económico que supón para o sector hostaleiro e turístico de Pontevedra, xustifican que a porcentaxe da subvención poida acadar ata o 100% do custe da actividade.

Cómpre subliñar que os campionatos obxecto do presente convenio son organizados por unha entidade deportiva que ten unha relación directa coa organización de actividades deportivas na modalidade do piragüismo, aínda que os ditos campionatos son de carácter puntual e extraordinario e desenvólvense fóra da súa programación habitual, polo que non se inclúen no orzamento anual do club que solicita a axuda.

IV. Os estatutos da devandita entidade foron validados e atópase inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia co núm. C-00294 e no Rexistro Municipal de Asociacións co núm. 140.

V. A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva e de ocupación do tempo libre, segundo os artigos antes citados da Lei 7/1985 e da Lei 3/2012, este Concello comprometeu no seu Orzamento Xeral para 2022 a aplicación orzamentaria necesaria para asumir unha parte dos gastos que ocasiona a organización de actividades e eventos deportivos, singulares e relevantes, no noso municipio.

VI. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido na actualmente vixente Ordenanza xeral municipal de subvencións, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004), baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, así como da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VII. A organización dos eventos subvencionables obxecto do presente convenio corresponde en exclusiva a entidade Federación galega de piragüismo o que imposibilita a concorrencia con outras entidades deportivas.

En base a canto antecede, as partes intervenientes acordan celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ACTIVIDADE SUBVENCIONADA.

É obxecto do presente convenio establecer as condicións reguladoras da subvención directa que se outorga polo Concello de Pontevedra á entidade Federación galega de piragüismo, con CIF G36040764, para apoiar a organización das actividades "Copa España sprint 1000m senior e xunior", "Copa España xoves promesas", "Copa España dragón", "Campionato España sprint e maratón curto veteráns", "Campionato España xoves promesas" e "Torneos nacionais kaiak-polo".

OBXECTO

O fomento da actividade deportiva como un elemento fundamental de desenvolvemento da cidadanía, contribuíndo a súa práctica á mellora das relacións sociais e ao incremento do benestar e da calidade de vida de quen o practica.

ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS E PERÍODO DE REALIZACIÓN

Actividade	Período realización
Copa España sprint 1000 m senior e xunior	07.04.2022 ao 08.04.2022
Copa España xoves promesas	14.05.2022 ao 15.05.2022
Copa España Dragón	25.06.2022





Campionato España sprint e maratón curto veteranás	23.07.2022 ao 24.07.2022
Campionato España xoves promesas	30.07.2022 e 31.07.2022
Torneos nacionais de kaiak-polo	Xuño, Xullo e Outubro 2022

A subvención outórgase de conformidade coas disposicións da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos (OXS), aprobada polo Pleno da corporación municipal, na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004).

SEGUNDA.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O Concello de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade máxima de 15.000,00 €, para colaborar nos gastos derivados da organización dos eventos.

Debido ás especiais razóns de interese público e social que se xustifican no expediente, a porcentaxe subvencionable poderá chegar ata o 100% do custe da actividade.

A achega municipal efectuarase con cargo á partida do Orzamento Xeral do Concello que se detalla, tendo emitido informe a Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito na dita aplicación orzamentaria.

APLICACIÓN	OPERACIÓN CONTABLE	IMPORTE
2022.05.3410.489.06		15.000,00 €
IMPORTE TOTAL		15.000,00 €

A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención deberá de acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A Federación galega de piragüismo está obrigado ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da LXS, no artigo 11 da LGS e no artigo 7 da OXS, e á realización dos seguintes compromisos:

1. A entidade Federación galega de piragüismo comprométese a destinar a subvención ao desenvolvemento da actividade descrita e está obrigada a destacar en lugar preeminente a colaboración económica ou patrocinio do Concello de Pontevedra, tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, así como nos anuncios de difusión das actividades.

2. A entidade Federación galega de piragüismo ten a condición de organizadora e promotora exclusiva das actividades subvencionadas limitándose a colaboración do Concello a achega da subvención comprometida, polo que esta administración está eximida de calquera responsabilidade que poida derivarse da realización dos eventos.

Consonte co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, a entidade beneficiaria, como organizadora en exclusiva dos eventos deportivos, deberá subscribir obrigatoriamente un seguro para o suposto de accidente deportivo e un seguro de responsabilidade civil polos danos que se lles poidan ocasionar ás persoas usuarias, a participantes e a calquera outra





persoa, como consecuencia das condicións das instalacións ou da actividade desenvolvida nelas.

3. A entidade beneficiaria comprométese a solicitar as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento das actividades, así como a por en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o desenvolvemento daquelas, cando non resulte preciso a obtención de licenza municipal.

4. No caso de que a actividade subvencionada implicase o contacto habitual con menores de idade, a entidade beneficiaria responsabilizarase de dispoñer das certificacións legalmente establecidas para acreditar que as persoas que se adscriban á realización do proxecto para o que se solicitou a axuda non foron condenadas por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

5. A entidade beneficiaria poderá contratar os gastos que sexan necesarios para a realización por si mesma das actividades subvencionadas, pero non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade para a que se outorga a subvención.

6. Ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere a contía de 12.000,00 €, deberán de solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

7. De conformidade co artigo 33 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, as publicacións, os carteis, a publicidade e toda produción escrita das actividades da asociación beneficiaria da subvención deberá estar en lingua galega.

8. A entidade beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que efectúe o órgano outorgante da subvención ou calquera outro órgano competente, achegando canta información lle sexa requirida.

Nomeadamente, e no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos, a entidade beneficiaria está obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuízamento dos anteriores órganos.

CUARTA.- POSIBILIDADE DE ANTICIPO

Poderá solicitarse pola beneficiaria o pago anticipado de ata o 60% da cantidade concedida, se ben cando o importe solicitado supere o 30% do importe concedido deberá presentarse previamente garantía suficiente de acordo co previsto na OXS.

A concesión do anticipo requirirá a solicitude previa pola beneficiaria da subvención e será para financiar gastos inaprazables derivados da organización dos eventos subvencionables.

QUINTA.- GASTO SUBVENCIONABLE

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

O IVE soportado, que deberá de constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Os custes indirectos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubidable e se realicen no período no que se desenvolva a actividade. En concreto, consideraranse custes indirectos os gastos de persoal que non sexa contratado especificamente para levar a cabo os eventos subvencionados; neste caso, deberá de achegarse certificado do beneficiario relativo ao custe imputado á subvención.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN





As actividades terán que realizarse no ano 2022. Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da subvención realizarase previa xustificación pola beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención. O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello.

A asociación beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención, na forma de conta xustificativa simplificada, consonte co establecido no artigo 75 do Regulamento da Lei xeral de subvención, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

A conta xustificativa presentarse a través de medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>) ou en calquera dos rexistros electrónicos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo máximo para a presentación da conta xustificativa será de tres meses dende a finalización da realización da actividade subvencionada..

A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa simplificada, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento no modelo normalizado facilitado polo Concello.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación da/s actividade/s realizada/s e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor, do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.
- Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación o importe e a súa procedencia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.
- Documentación xustificativa da subscripción dos seguros obrigatorios previstos nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia.
- Documentación que acredite a publicidade por parte da entidade beneficiaria do financiamento da actividade polo Concello de Pontevedra (folletos, dípticos, carteis, etc.)

O Concello poderá comprobar os xustificantes de gasto que estime oportunos e que permitan obter a evidencia sobre a axeitada aplicación da subvención, polo que poderá requirirse da á entidade beneficiaria a presentación das facturas e dos demais xustificantes de gasto que correspondan.

Neste caso, as facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Deberá indicarse pola beneficiaria a data da realización do pago e, no caso de que este non poida acreditarse coa conta xustificativa, a entidade beneficiaria deberá de comunicar ao Concello a realización do pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal.





Segundo o artigo 7 a Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude, na redacción dada polo artigo 18 da Lei 11/201, de 9 de xullo, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira , polo que, o pagamento destas operacións deberá de realizarse pola beneficiaria mediante transferencia bancaria.

SÉTIMA.- ÓRGANO DE SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo alcalde ou concelleiro/a no que delegue e o presidente da asociación.

OITAVA.- VIXENCIA E CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2022.

Serán causas de extinción deste Convenio:

1. O transcurso do prazo da súa vixencia e a realización do seu obxecto.
2. O acordo unánime das partes asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lei.

O incumprimento do obxecto, actividades e compromisos establecidos no convenio por parte da entidade beneficiaria dará lugar á incoación do expediente de reintegro da subvención, ademais da imposición das sancións que, no seu caso, resulten oportunas.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.

O Alcalde

Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario da Admón. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro.

O Presidente da Federación Galega de Piragüismo

José Alfredo Bea García

